

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de Xunta ordinaria de Facultade
17 de febreiro de 2020**

Asistentes:

Equipo decanal

Alonso Bacigalupe, Luis, decano
Galanes Santos, Iolanda, secretaria
Vicedecanas/os:
Anaya Revuelta, Inmaculada
Figueroa Dorrego, Jorge Juan
Seijas Montero, María

Sector (A) Profesorado

Agustín Guijarro, Javier de
Álvarez Lugrís, Alberto
Báez Montero, Inmaculada C.
Baltrusch, Burghard
Baxter, Robert Neal
Becerra Suárez, M.^a del Carmen
Bringas López, Ana
Bueno Alonso, Jorge Luis
Cabeza Pereiro, M.^a del Carmen
Chas Aguión, Antonio
Cortés Gabaudán, Helena
Corvo Sánchez, M.^a José
Costas González, Xosé Henrique
Cruces Colado, Susana
Cuevas Alonso, Miguel
Dasilva Fernández, Xosé Manuel
Domínguez Castro, Luís
Fariña Busto, M.^a Jesús
Fernández Rodríguez, Áurea
Fernández Salgado, Xosé A.
Fernández Álvarez, M. Santiago
García-Miguel Gallego, José M.^a
García González, Marta
Garrido Rodrigues, Carlos
González Álvarez, M.^a Dolores
Ledo Lemos, Francisco José
Luna Alonso, Ana
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Miquel Vergés, Joan
Montero Domínguez, Xoán
Montero Küpper, Silvia
Montero Reguera, José Francisco
Pereira Rodríguez, Ana M.^a
Rama Martínez, M.^a Esperanza
Ramallo Fernández, Fernando
Ribao Pereira, Montserrat
Rifón Sánchez, Antonio
Ripoll Delebourse, Virginia
Rodríguez Barcia, Susana
Rodríguez Guerra, Alexandre
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Ruzicka Kenfel, Veljka
Salceda Rodríguez, Hermes
Sánchez Trigo, M.^a Elena

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, do 17 de febreiro de 2020, que ten lugar ás 10.30 h en primeira convocatoria, e ás 11 h en segunda convocatoria no salón de actos da FFT

Ábrese a sesión ás 11.11 h.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29/01/2020).
2. Informe do decano
3. Declaracións de interese de reforma da memoria dos títulos da FFT.
4. Límite de prazas en titulacións de grao.
5. Planificación Docente Anual (PDA) dos graos da FFT para o curso 2020-2021.
6. Oferta de materias optativas.
7. Bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente
8. Rolda aberta de intervencións.

DELIBERACIÓNS

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29/01/2020).**

O decano dá conta da modificación última da acta solicitada polos profesores Rodríguez Veiga e Montero Reguera antes de someter a acta á aprobación da Xunta de Facultade.

Apróbase por asentimento a acta da sesión do 29/12/2019.

2. **Informe do decano**

O decano indica que o xoves 20 de febreiro hai que entregar a declaración de interese dos títulos a PDA, polo que é preceptiva a realización desta xunta, de modo previo á xunta de elección de decano/a o día 18/02/2020.

Graos abertos: O decano informa de que se entregou a declaración de interese o 22 de xaneiro. Como descoñecía se había que entregar a táboa de equivalencia de materias e mais o plan de titorización realizou as consultas pertinentes O responsable da Dirección de Área de Grao informouno de que será preciso designar un representante para os tres graos. Esta persoa será invitada a asistir a unha reunión informativa sobre os graos abertos na sede da Consellería de Educación o 5 de marzo. Prevese que nesta reunión participe un especialista da Universidade Carlos III, que ten

Seoane Posse, Elena C.
Suárez Briones, Beatriz
Veiga Díaz, M.^a Teresa
Yáñez Bouza, Nuria

Sector (B) Profesorado

López González, Rebeca Cristina
Tizón Couto, David

Sector (C) Alumnado

Bará Louro, María
Bello Davila, Cristina
Carrillo Rodríguez, Lara
Custodio Fabre, Iria
Freire Armada, Vanesa
López Morillo, Pedro Luis
Míguez Bóveda, Carla
Paradelo Veiga, Marinha
Pereira Romasanta, Raquel
Vázquez Alonso, Aroa
Villaverde Rios, Aicha
Zels Garrido, Alba

Sector (D) PAS

Otero Rey, M.^a Belén

Desculpas e ausencias xustificadas

Alonso Alonso, Rosa
Bermúdez Montes, M.^a Teresa
Caneda Cabrera, M.^a Teresa
Del Pozo Triviño, M.^a Isabel
Díaz Fouces, Óscar
Fernández Ocampo, Anxo
Iglesias van der Woude, Miguel
López González, Rosa M.^a
Lorenzo García, M.^a Lourdes
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel
Luna Sellès, Carmen
Martín Lucas, Belén
Martínez Ínsua, Ana Elina
Parada Diéguez, Arturo
Pérez Guerra, Javier
Pérez Rodríguez, M.^a Rosa
Quilis Sanz, M.^a José
Pérez Álvarez, Raúl Manuel
Soto Andiñón, Xosé
Sueiro Justel, Joaquín
Valado Fernández, Liliana

Ausencias sen xustificar

Angueira Viturro, Anxo
Arias Freixedo, Xosé Bieito
Cabanelas Freijeiro, Sabela Celia
Candelas Colodrón, Manuel A.
Gamallo Valladares, Andrea
Gómez Carrera, Francisco Jesús
Gómez Clemente, Xosé M.^a
Gómez Guinovart, Fco. Xavier

experiencia na implantación de graos abertos. Prevese que nesa reunión se esclareza cómo se van implantar os graos abertos.

3. Declaracións de interese de reforma da memoria dos títulos da FFT

Hai declaración de interese de todos os graos da facultade. O Grao de Linguas Estranxeiras ten que modificar a memoria para incorporar os 90 créditos comúns co Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Pola súa banda, o Departamento de Tradución e Lingüística acordou no seu último Consello de Departamento modificar tamén a memoria do seu título. O Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios está en fase de reforma. E, por último, está en proceso a definición dun grao aberto das tres titulacións de grao.

No que respecta aos mestrados, realízase a declaración de interese para o mestrado de ELE, presentado o pasado ano. É necesaria a reforma da memoria por non se tratar xa dun mestrado interuniversitario das tres universidades do Sistema Universitario Galego, senón que o organizarán as universidades de Vigo e A Coruña, tras o recente desistimento da Universidade de Santiago de Compostela.

O decano propón a **aprobación de todas as declaracións de interese**, que se acorda por asentimento.

4. Límite de prazas en titulacións de grao

O decano propón que se manteñan os límites definidos no pasado ano para os títulos de grao, que son:

- 120 discentes para o Grao de Tradución e Interpretación
- 50 discentes para o Grao de Linguas Estranxeiras
- 50 discentes para o Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, dos que 40 prazas son de modalidade presencial e 10 en modalidade semipresencial

Apróbase a proposta de límite de prazas por asentimento.

5. Planificación Docente Anual (PDA) dos graos da FFT para o curso 2020-2021

O decano informa de que a proposta inicial de PDA era idéntica á do ano pasado mais viuse modificada por indicación da Dirección de Área de Grao. Esta unidade solicitou un recorte de 1.892 horas sobre a proposta inicial.

O decanato elaborou unha proposta de modificación da PDA que figura en anexo á seguir da PDA e é unha proposta para a negociación. A devandita documentación foi previamente enviada aos membros da Xunta xunto coa PDA (Anexo 1)

González Maestro, Jesús
Llantada Díaz, M.^a Francisca
Morales Nico, Gelsys de la Caridad
Navaza Blanco, Gonzalo
Nogueiras Justo, Francisco Manuel
Peres Rodrigues, José Henrique
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo
Romero Fresco, Pablo
Ribas Giadás, Adriana
Rubio Llarás, María
Solla González, Amparo
Urdiales Shaw, Martín
Veiga López, Daniel
Yuste Frías, José

A proposta implica un recorte de 700 horas, que se reparten do seguinte xeito: o Grao de Tradución (GTI) reduciría 360 horas; o Grao de Ciencias da Linguaxe, 260 horas e o Grao de Linguas Estranxeiras, 100 horas.

Proponse, polo tanto, reducir 700 horas. Na proposta tentouse reducir antes grupos que materias. Para decidir as reducións seguíronse as indicacións das coordinacións de grao e das direccións dos departamentos. Só se eliminou unha materia no GTI porque non tiña matrícula (*Interpretación idioma 2: inglés-galego*).

O profesor Luis Domínguez pregunta se houbo negociación coa Área de Dirección de Grao ou é simplemente unha proposta inicial. O decano aclara que esta proposta é asumible para a COAP.

A profesora Dolores González expresa que a redución do GLE implica aumentar o número tamaño medio de grupo ao eliminar grupos en materias de primeiro. Deste xeito créanse grupos únicos con toda a matrícula inicial, de 40 alumnos/as. No entanto, confía en recuperar os grupos perdidos no futuro coa impartición dos créditos compartidos con outros graos e grazas a un potencial aumento de matrícula.

A profesora Ana Bringas indica que a redución atinxe a áreas que teñen folgas. Sinala que esta maneira de recortar aumenta os desequilibrios entre áreas e que a Reitoría non ten en conta o alumnado Erasmus.

A profesora Montero Küpper súmase ás apreciacións das profesoras González e Bringas e pregunta se no futuro será posible recuperar algún destes grupos que agora se perden. O decano indícalle que é posible, e de feito, desta volta recupérase un grupo na materia de *Tradución científico técnica idioma 1: inglés-español* do GTI, dada os elevados números de matrícula do actual curso.

O profesor Baxter di que é necesario distinguir entre eliminación e redución e lamenta que se recorten materias de interpretación. Dá como exemplo paradigmático o caso da materia suprimida, *Interpretación Idioma 2: inglés-galego*, que desaparece por non ter alumnado destinatario na combinación Francés-Galego, se ben pode ser cursada por alumnado ERASMUS. No futuro, antes da súa eliminación solicita que se teña en conta a evolución de matrícula e non só o dato do curso anterior. Indica, ademais, que hai unha limitación pola rixidez das normas de matrícula, que só permiten a inscribirse ao alumnado da combinación lingüística específica (francés-galego) e non doutra. Esa supresión reduce a optatividade, o que é unha fraude para o alumnado que contaba con ter unha optativa que pode desaparecer. Insiste, ademais, en que a redución de materias é especialmente significativo para as materias optativas do alumnado das combinacións con galego.

A profesora Becerra confía en que a Reitoría non teña en conta as folgas á hora de reducir, por que o que debe procurar é a calidade

docente e, polo tanto, o criterio debera ser o mellor atendimento do alumnado.

O profesor Figueroa Dorrego indica que é irregular que materias seriadas teñan distinto número de grupos e non está de acordo con esa redución. A profesora González xustifica como directora do departamento que para realizar a redución seguiu un criterio estratéxico.

O decano somete a votación a proposta de PDA co seguinte resultado.

- Votos a favor: 37
- Votos en contra: 9
- Abstencións: 16

Apróbese a PDA do curso 2020-21 con base na PDA do curso anterior e a proposta decanal de modificación.

6. Oferta de materias optativas

A oferta de materias vai implícita na proposta de PDA, polo que o decano propón a súa aprobación coa mesma proporción de apoios que recibiu a PDA do punto anterior. Os membros da Xunta de Facultade **aproban a oferta de materias optativas para o curso 2020-2021 por 37 votos a favor.**

7. Bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente

O decano indica que outra das tarefas asociadas á PDA é a repartición da *Bolsa de horas de centros* (Anexo 2). Este ano correspóndenlle a FFT un total de 558 horas.

Aínda que se trata dunha cantidade inferior á asignada no pasado curso (617 horas) convén indicar que hai unha parte dos recoñecementos que este ano se cargarán automaticamente en virtude da *Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado* (aprobada por Consello de Goberno o 22 de xaneiro de 2020). Son en concreto:

- Unha parte do recoñecemento para as coordinadoras/es de grao (12, 5% da súa dedicación docente)
- Unha parte do recoñecemento por tarefas de captación de alumnado. Polo momento cargáronse 50 horas para todos os centros e haberá, ademais, 2.000 horas para toda a Universidade.

Iso implica que a bolsa de horas do centro complementa o desconto das coordinacións de grao e que aínda falta por cargar o que corresponda por captación, pois polo momento só se recibiron 50 horas.

Os criterios para a repartición de horas son semellantes aos do ano pasado. Ademais de atribuír descontos ás actividades polas que se reciben horas (prácticas, intercambios, calidade e organización

docente) atribúense tamén descontos á participación en tribunais de TFG. Os criterios de repartición de descontos da figuran no documento de *Criterios de repartición da bolsa de horas da FFT Curso 2020_2021* (Anexo 3).

O resultado do cómputo e a aplicación figuran no documento *Distribución da bolsa de horas da FFT_Curso 2020_2021* (Anexo 4).

A secretaria do centro explica que neste último documento figura o profesorado que realizou algunha das actividades obxecto de desconto. Está ausente desta lista o profesorado que non realizou ningunha das actividades. O profesorado que realizou algunha actividade pero non acadou o mínimo segundo os criterios, puntúa 0 e o profesorado que acadou os mínimos figura coa puntuación correspondente.

O decano solicita a aprobación da proposta de distribución, que se aproba por asentimento.

8. Rolda aberta de intervencións

A profesora Becerra insiste en que temos un número importante de alumnado internacional e que debe ser considerado. Tamén hai que ter en conta o alumnado senior nos cómputos. O decano indica que hai alumnado abondo no centro e que estamos no 98% da capacidade prevista.

O profesor Baxter expón que negar o cómputo dos Erasmus en materias que se desenvolven en laboratorio pode ser un problema dada a limitación de prazas. Pregunta se teñen o dereito a negarlle a entrada a este. O decano afirma que nunca se lle negou a entrada a ningún alumno/a estranxeiro/a nas aulas.

ACORDOS:

- Apróbanse por asentimento a **acta** da sesión do 14/01/2020.
- Apróbanse todas as **declaracións de interese**
- Apróbanse os **límites de prazas** para os graos da FFT, que serán de 120 prazas para o Grao de Tradución e interpretación, 50 para o Grao de Linguas Estranxeiras, 50 para o Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (40 presenciais + 10 semipresenciais).
- Apróbase a **PDA para o curso 2020-2021**
- Apróbase a oferta de **materias optativas** de acordo coa PDA aprobada
- Apróbase a **repartición da bolsa de horas da FFT** (Anexo 4) conforme aos criterios propostos (Anexo 3).

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.04 horas.

Vigo, 17 de febreiro de 2020

Visto e prace do decano

A secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

Iolanda Galanes Santos

segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do
Regulamento Interno da FFT, art. 43 dos
Estatutos da Universidade de Vigo e art. 16 da *Lei*
40/2015 do réxime xurídico do sector público.

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade do ___ de _____ de 2020

O secretario da Facultade